

Presidente Asociación Monteval GDR 9

Centro de Desenvolvemento Cooperativo. Parque empresarial de Pazos, nido 2

32619 Verín

Ourense

ASUNTO: Autorización da corrección de erros dos criterios de selección e limitacións sectoriais do GDR 9 Asociación Monteval, aprobados pola Resolución do 30 de xaneiro de 2017.

O 14/06/2017 tivo entrada no Rexistro Xeral de Agader, solicitude do GDR para a corrección de erros dos criterios de selección aprobados pola resolución que aproba os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

A corrección solicitada refírese a un erro detectado no baremo para proxectos non produtivos no apartado de "distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal" na que por erro o GDR dálle 8 puntos nas distancias de mais de 4 km cando tería que darlle 9 puntos.

Deste xeito, o punto "distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal" do baremo referido a criterios de selección de proxectos non produtivos redactábase do seguinte xeito.

Distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal: 10 puntos:

Distancia á capitalidade municipal	Puntuación para o proxecto
Na capitalidade municipal	5 puntos
< 2 Km	6 puntos
> 2 Km	7 puntos
> 3 Km	8 puntos



> 4 Km	8 puntos
> 5 Km	10 puntos

Substitúese polo seguinte:

Distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal: 10 puntos:

Distancia á capitalidade municipal	Puntuación para o proxecto
Na capitalidade municipal	5 puntos
< 2 Km	6 puntos
> 2 Km	7 puntos
> 3 Km	8 puntos
> 4 Km	9 puntos
> 5 Km	10 puntos

Comprobados os erros materiais, Agader autoriza as correccións propostas do baremo tendo en conta os cambios na puntuación do punto "Distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal".

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

